

¿Oíches?

Guía gratuita de Compostela \
Time out in Compostela
Nº 3 Setembro, 1996.

¿Oíches?

Editorial

Vivimos nun mundo no que a ninguén lle importa nada. Cadaquén vai para adiante como pode, e fai ben, que carallo. Isto ven a conto dos diferentes ecosistemas espirituais da xente. Tomémo-lo ecosistema espiritual da discoteca de pobo, a xente que vive loitando cada día, como pode, para saír adiante; e, cando chega o sábado, ten que rachar, botar o sufrimento, a humillación, a impotencia, o medo, a ignorancia, a soedade, botalo todo cada sábado pola noite. Chegan a un sitio cheo de luces de cores no que case non se pode falar, co que a conversa non precisa ser gran cousa. As mozas beben cousas doces e de cores, e os mozos beben cousas de homes. No fondo, pídenlle á vida un pouco de consolo, un remanso de irrealidade, unhas horas doces e de cores. O malo é cando saes dalí, entón todo é de verdade outra vez, vai frío e a luz da noite xa non ten máis cores. Tes que estar cheo dabondo para saír dalí. O que non acabo de entender é como non queiman todo cada sábado pola noite.

Vivimos cadaquén no seu mundo, e cadaquén está querendo algo, inda que non o saiba. A xente quere vivir tranquila coas súas cousas sen quentarse a cabeza, e tén razón pero, ó final, sempre falta algo. Semella un fenómeno parecido á aculturación dos pobos indíxenas; unha tecnoloxía allea failles pensar que todo o que veña de fóra é mellor có seu. Entón perden o propio, pero tampouco entenden o outro. Cando queren darse de conta é demasiado tarde. Nas festas das aldeas o panorama pode ser tristísimo. Os cativos son os únicos que bailan diante da orquesta. As mozas fan un círculo amurallado impenetrable, os mozos van de todo en toldo bebendo ata caer escarrancados, e a xente de máis idade pon cara de pedra e abúrrese silenciosamente. Isto podería ser porque os



ecosistemas espirituais están enfermos. Ninguén cre xa en nada, e isto é interesantísimo, pero aboca á xente a un mundo máis complexo, máis baleiro de sentido no que fai falla unha espiritualidade moito máis sofisticada que a que poden ofrecer as crenzas relixiosas dogmáticas. A maioría da xente que conserva algunha fe, faino por costume e por docilidade, por submisión. Os que a perderon, se é que perderon algo, non pensan neso. As virxes das romarías convertíronse en cachos de madeira sen sentido, en superstición folclórica e nunha boa razón para comer empanada. Ben pensado, a espiritualidade non ten nada que ver coas crenzas, en non dubido que San Francisco de Asís fora un ser tan rebelde e complexo coma Bertrand Russell. Ámbolos dous dubidaron minuciosamente de cada palabra que oíran ou dixeran. Os demais non podemos ir tan lonxe, temos que vivir, comer empanada e bebe-lo viño das

feiras, que aínda vai calor, as roupas son lixeiras, as carnes buscan a brisa, os ollos e as mans buscan as carnes, e cadaquén vai para adiante como pode, e fai ben, qué carallo. Ademais, ¿que ten de malo a superstición folclórica?

¿Oíches?

Tlf. (981) 56 43 44. Pr. de Ultraia, 16- 3º drta.
15704 Santiago de Compostela. Depósito legal: C-788-1996.
Editora: Eva Paradelo Rodríguez.
Director: Juan Carlos Martínez Fontana.
Colaboradores: Xan B. Quintela. Ana Ibáñez. Bartolomé Santiso. Dorothea Vielleich.
Soporte dixital: Santi Frutos.
Distribución: Juan M. Paradelo, José Mª Veiga Suárez
Agradecementos: Manuel Blanco Parga
Fotocomposición: 4 cromía, S.L.
Impresión: Artes Gráficas Litonor.
Exemplar gratuito, prohibida a súa reprodución e venda.

Índice\

Index

Calendario	4	Listings
Música		
...cun vaso na man...		
Exposicións		
Museos/Taboleiro de anuncios	5	Museums\Classifieds
Música	6	Music
Exposicións	8	Exhibitions
Fundamentos de Santiago	10	The foundations of Santiago
Seccións		Regular Features
Cómame o Demo	12	
A Miñoca Eléctrica	14	
Amoriños Collera	16	
Tiruliru miña Gaita	18	
Guía de Compostela	20	A Guide of Compostela
Plano	35	Map



Calendario Listings

música

Xoves 26 de Setembro C.G.A.C.
Retrospectiva do Século XX. O Sul de Europa. **Giacinto Scelsi**, Trío (1958) - estrea en España; **Nikos Skalkottas**, Trío (1935) - Estrea en España; **Emmanuel Nunes**, *Degrès* (1965); **Francisco Guerrero**, *Zayin I* (1982). Taller Instrumental do C.G.A.C.

Do 3 ó 4 de Outubro. A Luigi Nono ai suoi infiniti possibili. C.G.A.C.

Xoves 3 de Outubro. C.G.A.C.
Ludwig van Beethoven, *Cuarteto* en La m. Op. 132 (1825); **Luigi Nono**, *Framente-Stille an Dicitima* (1979-80). Taller Instrumental do C.G.A.C.

Venres 4 de Outubro. C.G.A.C.
Luigi Nono, *...sofferte onde serene...* (1976); **Bruno Maderna**, *Viola (viola d'amore)* (1971); **L. Nono**, *Hay que caminar soñando* (1989). Taller Instrumental do C.G.A.C.

Sábado 5 de Outubro. C.G.A.C.
Anton Webern, *Seis Lieder*, Op. 14 (1917 - 21), *Trío*, Op. 20 (1927); **L. Nono**, *La lontananza nostalgica utopica futura (Madrigal per piú caminantes)*, (1988). Taller instrumental do C.G.A.C.

...cun vaso na man...

Venres 13 de Setembro ás 23:30 h. Praza do Toural. Raíces musicais europeas. **Nuevo Mester de Juglaría** (Segovia)

Martes 17 e 24 de Setembro. Pub Atlántico. Contos do Mar, Quico Cadaval, Rugi Xepe.

Tódolos Luns ás 22:00 h. Pub-Is Pro Nobis. Canturreadas de Ricardo Parada. Música participativa e cancións. Música en vivo co micrófono aberto.

Tódolos Martes ás 21:30 h. Pub-Is Pro Nobis. As Noites das Meigas Lerchas.

Tódolos Mércores. Pub-Is Pro Nobis. Pancho Villa, ofertas en bebidas mexicanas. Música mexicana.

Tódolos Mércores. O Agochadoiro. Festa da Cervexa.

Tódolos Xoves. O Agochadoiro. Festa do *Cara ou Cruz*. Xógate a túa copa.

Tódolos Venres. O Agochadoiro. Festa do Cubata.

exposicións

Ata o 15 de Setembro. C.G.A.C.
Gracias do lugar. **Antón Lamazares.**

Ata mediados de Setembro. Pub Avante. Publi-poemas de poesía competitiva. **Lois G. Magariños.**

Ata finais de Setembro. Modus Vivendi. Fotografías de **Teresa Martínez.**

Ata o 30 de Setembro. Sala Noroeste. Puxando o ar. Abanicos de pintores galegos contemporáneos. **F. Criado, A. Datas, J. Vázquez Cereijo, X. Quessada, A. Huete, S. Jack, A. Murado, S. Portela, Tomé, García Gesto, M. Lamas, A. Patiño, X. Freixanes, D. Matamoros, X. Correa, M. Moldes, J. L. de Dios, M. Facal, G. Aymerich, Peteiro, P. Muíño, T. Carbajo, X. Quesada Blanco, J. L. García Goente, X. Oro Claro, I. Pérez Vicente, J. Otero, C. Villamide, X. Gómez Chao, L. Corvera, A. Goyanes, D. Basso, J. Chavete, M. Ruido-M. Álvarez, A. Fernández, N. Olmedo, M. Santamaría, X. Vivian, Seara, S. Pacheco, J. M. Barreiro, A. Cerviño, C. Chacón, C. Barros, A. Mouzo, V. Prego e Martiño.**

Ata o 30 de Setembro. Pazo de Bendaña. Colección da Fundación Granell.

Ata o 30 de Setembro. Pub El Desván. Fotografías de **Javier Iglesias.**

Ata o 30 de Setembro. Café Tramola. Carteis de teatro. Colección privada. Diversos Autores.

Ata o 30 de Setembro. Pub A Reixa. Pinturas de **Pilar González Quiroga e María Luisa Ferrín Vila.**

Ata o 13 de Outubro. Centro Galego de Arte Contemporánea. **Ana Mendieta.**

teatro

Venres 13 de Setembro 19:00 e 23:00 h. Teatro Principal. *Entremeses de Cervantes.* Teatro de la Abadía. Dirección José Luis Gómez e Rosario Ruiz.

Luns 16 de Setembro ás 22:00 h e Martes 17 ás 20:00 e 23:00 h. Teatro Principal. *Anfitrión de Plauto.* Con Rafael Álvarez *el Brujo* e outros. Dirección de Alonso de Santiago.

Do Sábado 21 ó Domingo 29 de Setembro 22:00 h. Teatro Principal. *Como en Irlanda*, baseada en dous textos, un de **Antón Vilar Ponte** e outro do autor irlandés **John M. Synge** (*Xinetes cara ó mar*). Centro Dramático Galego. Dirección de Quico Cadaval.

convocatorias

Do 3 ó 5 de Outubro. C.G.A.C. III Encuentros pedagógicos do Taller Instrumental do C.G.A.C. Seminario de análise e interpretación en torno á obra de **Luigi Nono.**

direccións

O Agochadoiro. Algalia de Arriba, 35.
Pub Atlántico. Rúa da Troia.
Pub Avante. Cantón de San Bieito, 4.
Casa da Parra. Praza da Quintana.
Centro Galego de Arte Contemporánea. Rúa

Valle-Inclán, s/n. Tlf. 54 66 29.
Fundación Eugenio Granell. Pazo de Bendaña. Praza do Toural. Tlf. 57 38 55.
Pub El Desván. Travesa da Conga, 7. Tlf. 57 00 97.

Pub Modus Vivendi. Praciña de Feixóo, 1.
Sala Nasa. San Lourenzo, 51-53. Tlf. 57 39 98.
Sala Noroeste. Ruela de Xerusalén. Tlf. 57 71 30.

Pub-Is Pro Nobis. Raxoi, 19 (Praza Trindade) Tlf. 57 56 17.
A Reixa. Tras de Salomé, 3.
Teatro Principal. Rúa Nova, 21. Tlf. 58 19 28.
Café Tramoia. Rúa de Xelmirez, 16.

Museos \ Museums

Museo do Pobo Galego. Convento de San Domingos de Bonaval. Campo de San Domingos de Bonaval, s/n. Tlf. 583620. Aberto de 10 á 1 da mañán e de 4 ás 7 da tarde. Pecha domingos e festivos. Entrada gratuíta.
Museo e Tesouro da Catedral. (Pza. do Obradoiro.) Tlf. 561527. Aberto de 10 á 1.30 e de 4 a 7.30. Entrada, 350 pts.

Museo das Peregrinacións. Casa Gótica. Rúa de San Miguel. Tlf. 581558.
Museo da Colexiata do Sar. Rúa do Sar. Tlf. 562891. Entrada, 50 pts.
Museo de Historia Natural. Facultade de Química, Campus Sur. Tlf. 593589. Aberto de Luns a Venres, de 11 á 1, e de 5 á 7.
Museo de Terra Santa. Convento de San Fran-

cisco. Campiño de San Francisco, 3. Tlf. 581600. Aberto de 11 á 1.30, e de 2 á 7. Luns, pechado. Entrada, 300 pts.
Casa-museo da Troia. Rúa da Troia. Tlf. 585159. Aberto de 11 á 2, e de 4 á 8. Domingos, de 11 á 2. Entrada, 200 pts. Estudiantes, 100 pts.
Pavillón de Galicia. Avda. de Fernando Casas Novoa, s/n. San Lázaro. Tlf. 577128.

Taboleiro de anuncios

Anúnciate no noso taboleiro. Podes poñer o que queiras (intercambios, mensaxes, pisos para compartir, etc.) Chámanos ó 56 43 44.

Artesán de gaitas e frutas galegas. **X. Miguel Mosquera Medin.** Tlf. 52 22 91.

Plano Con Clase Busca Particulares Inexperitos (ou non). Clase Móvil. Horario Elástico. Profesora titulada. Tlf. 307-41 25 19.

Clases particulares de E.G.B., B.U.P., C.O.U. Inglés ata C.O.U. Tlf. 56 36 59

Daniel, o teu masajista. Terapéutico, Antiestrés, Deportivo, Reflexolóxico. Tlf. 57 82 66.

¿Viches a Santi? Anda partido polo Cliches adiante en tres lugares distintos.

Música

...O que foi...

Retrospectiva do século XX.

A viola. Obras de Stravinsky, Ligeti, Berio e Grisey.
David Quiggle, viola.

David Quiggle naceu no estado de Washington, ó noroeste dos Estados Unidos. Estudiu con vellos profesores europeos, Louis Krastner e Eugene Lehner, vinculados á segunda escola vienesa. (Krastner encargou e estreou o concerto para violín á memoria dun anxo de Alban Berg, e tamén o concerto de violín de Schönberg. Lehner, pola súa parte, foi o viola do cuarteto Köllish, que estreou, entre outros, o cuarteto e o trío de Anton Webern, a *Suite lírica* de Alban Berg, así como algúns cuartetos de Schönberg.

-(David cóntame estas cousas cando eu o interrompo...) É evidente que na túa formación foi importante o contacto coa segunda escola de Viena.

-Pasaron cinco anos dende aquela. Para min eso é música clásica. Foi unha sorte ter contacto con esa xente, porque a maioría dos intérpretes teñen que facer grandes esforzos para entrar nesa música, e a min veume regalado. Ademais, tiveron dous profesores de harmonía que foran alumnos de Schönberg, de maneira que, en certo sentido, estudiei con Schönberg.

-(Entón queda pensando e di que quere engadir algo máis sobre Krastner e Lehner, sobre o seu sentido do son, pero que non sabe dicilo con palabras, que el intenta trasmitilo ós seus alumnos, pero que non está seguro de conseguilo, e a conversa pérdese un pouco. Falando do son dos seus mestres acábame falando dunha noite nas Palmas, cando coñeceu nunha gravación a música de Nono -Hay que caminar soñando, *Fragmente...*, *Como una ola de fuerza y luz* e as *Variationi*- e que despois deso foi dar un paseo con todo aquilo fervéndolle nos miolos. Dende aquela quere facer un escrito sobre o *Banquete* de Platón e o *Vaghavad Gita*.) Dicia borges que a historia da filosofía é unha repetición das cousas que deberon discutir no seu tempo Aristóteles e Platón, ¿que significa isto para un músico?. (David queda pensativo de novo, e pide outras cervexas.) Pódoo enfocar doutro xeito. O estruturalismo da posguerra, o serialismo integral, usaba o son para sometelo a unha lóxica. A música dos últimos anos, pola contra, parte dun amor ó son, do que nace a lóxica.

-O que dice Borges, aplicado á música, ten moito de verdade, pero tamén moito de mentira.

-Ti sabes que a Borges gustáballe achegar a verdade a súa sardiña. (Vólvese a enredar a conversa. David non se sente acreditado para falar neses termos de filosofía da música, alomenos nun medio público. En privado temos falado destas cousas, mais nunha entrevista,

inda que non di nada, sente un decoro que lle impide falar con autoridade de cousas das que, inda que non o queira recoñecer, David sabe máis que tódolos universitarios do mundo. E pedimos outras cervexas.)

-Pero a min gustaríame falar do proxecto no que estou involucrado agora. Eu son platónico en todo menos no amor. Todo ten que ver... seguindo con Platón, falabamos da analoxía da cova. No mundo da música contemporánea, a maioría dos involucrados a nivel institucional e político son os que quedan alí mirando as sombras naquela parede mítica e só ven... sombras, as súas propias sombras, sombras dunha idea do que é o éxito profesional, que non ten que ver coa música. O que ven son sombras de encargar a ese compositor conectado para facer un concerto naquel concello a cambio de facer unha obra contemporánea penosa que fai homenaxe a tal espírito creativo, tan conectado como espiritualmente paleta.

-Véxote moi anoxado. ¿Con que?

-Na programación dos grandes espacios nos que se supón que deberían acudir os melómanos, que se faga unha programación tan penosa con respecto ó século XX. Os programadores creñen que son a ostia de atrevidos programando a Noite Transfigurada de Schönberg, e póiñena para que figure coma unha obra da escola de Viena, cando en realidade é outra estética. Pero recoñezo que á vez, Schönberg defendía sempre esa obra como idéntica ás que escribiu máis tarde, que expresaba a mesma cousa, ata romántica, coma o Trío de cordas, por exemplo. Gustaríame citar algo de Schönberg, dunha carta que lle escribiron sobre unha obra súa, un director que non se sentía capaz de dirixila porque non a entendo. Schönberg respondeu algo así como eu respeto moito a integridade na súa decisión, pero á vez non entendo como leva tantos anos dirixindo a Mozart sen entender unha puta nota.

Seguindo coa programación, tampouco se entende a música dos séculos XVIII e XIX, e acábense tocando sempre as mesmas catro sinfonías. Eu sintome moi afortunado, case por un golpe do destino, de poder participar no departamento do CGAC, no que temos a oportunidade de programar unicamente o que se valora como música digna de ser escoitada. Sorte que temos a persoa de Rodeiro, un director artístico que me deu a coñecer tantísima boa música actual. No mundo da música contemporánea académica que se vive nos Estados Unidos coñécese e interprétase só aos grandes nomes dunha estética xa pasada, e creo que a miña situación actual é participando na interpretación de músicas que, de cara ó futuro, serán recoñecidas como unha grande renovación dos valores da musicalidade, sen sacrificar propostas intelectualmente ambiciosas.

-(Pedimos outras cervexas, e outras, e David vai atrevéndose a falar de cousas das que fai un cacho calara).

-Cando falabas da música serial e eso, estaba pensando da necesidade que ten a alma do inexplicable. Hai obras superrespetadas que non soporta ninguén e que están moi ben construídas, pero que se distancian da musicalidade, como diría Platón, que hai unha gran diferenza entre música, o musical e a musicalidade. Platón fala da idea da mesa, e da mesa que fai o carpinteiro, e denuncia ó pintor que pinta unha mesa como imitador dunha imitación e apártase exponencialmente da idea primixenia. Cando falaba deso non oír nin preconcebira un op. 132 de Beethoven ou un Hay que caminar soñando de Nono... É dicir, uqe non concibira unha arte que tivera acceso directo á idea, unha arte que non ten a obriga de representar nada máis cás ideas puras.

-Non falamos nada do programa que preparas agora (Retrospectiva do século XX. A Viola. Concerto que se celebrou no CGAC o 11 de Xullo, posterior á realización desta entrevista). Prologue, de Gérard Grisey, sen dúbida a peza central do que vas tocar, é un arpejo, é dicir, é un son que se despreza no espacio sonoro e entón convírtese nunha melodía, de modo que cada son perde a súa individualidade para somerxerse nunha especie de incandescencia. Dito así, sona algo moi espectacular pero, sen embargo, non o é, porque non se toca tan rápido como para ser virtuosístico, nin tan lento como para ser melódico.

-A melodía e a harmonía son a mesma cousa nesa obra, porque está escrita a unha voz. Cada son pasa e deixa a súa estela, e tódalas estelas xuntas crean unha harmonía. É unha das mellores obras para un instrumento só que se escribiron xamais, e a máis orixinal de todas.

...o que vai ser.

Xoves 26 de Setembro C.G.A.C. Retrospectiva do Século XX. O Sul de Europa.

Giacinto Scelsi, *Trío* (1958) - estrea en España; Nikos Skalkottas, *Trío* (1935) - Estrea en España; Emmanuel Nunes, *Degrès* (1965); Francisco Guerrero, *Zayin I* (1982). Taller Instrumental do C.G.A.C.

Nestas páxinas tense falado dunha concepción do mundo e da música non racionalista, co son como punto de partida (Sciarrino, Scelsi, Nono). Sen embargo, o mundo é moi grande, e Francisco Guerrero (Linares, 1951) é un músico completamente distinto. Se hai meses dixemos de Scelsi que abría o son e entraba nel coma quen entra nun bosque ou nunha catedral, Guerrero tamén o fai, mais para dinamitalo, e unha



Francisco Guerrero

vez esnaquizado, clasificar minuciosamente os cascallos do son ata a última pedriña. Este acento estruturalista, racionalista, débese entender adecuadamente: Guerrero entra na lóxica do mesmo xeito que entra no son, cunha bomba na man. A idea é construír un son que non sexa tal; trascende-lo son para construí-la complexidade. Aquí está o concepto central da música de Guerrero, a complexidade musical que xurde do vandalismo sonoro. O complexo non é o mesmo que o complicado. A complexidade non é o contrario da sinxeleza, senón da simpleza. Complexidade é exquisitez de construción, sofisticación do pensamento, en moitos casos, coma neste *Zayin I*, complexidade é tamén concentración, tempo destilado no que cada minucia contén un mundo enteiro.

Este xeito de complexidade Guerreriana adoita significar unha enorme complexidade da concepción instrumental, do manexo dos instrumentos, coa correspondente dificultade para os músicos.

Zayin I é a primeira dun ciclo de sete pezas en torno á feminidade. Estreouse o 8 de Novembro de 1987 no ARC-Musée d'Art Moderne de la Ville de París. Fomos alí a velo unha pléiade de alumnos seus, mesmo o lugués Cancó López, David del Puerto, Jesús Rueda, César Camarero e máis eu, entre outros. En xeral, éramos uns cativos, e opinábamos que ó mestre fóraselle a man coa dificultade instrumental. O ensaio xeral fíxonos cambiar de opinión. O concerto deunos a volta coma un calcetín. Na miña vida olvidarei aquela impresión, aqueles tres minutos (repito, tres minutos). Se ben é certo que a peza é celebre pola súa dificultade, tamén o é que tódolos excesos instrumentais veñen avalados por unha inventiva musical desbordada.

Juan Carlos Martínez Fontana

Exposicións

DER GLOCKNER

...o que foi...

BEI DER GLOCKE ERNSTEM SCHLAGE KOMMT ERINNERUNG MIR NAH

MEINER KINDHEIT FROME TAGE LIEGEN AUSGEBREITET VOR MIR DA



Max Ernst (1891, Brühl -Renania- 1976, París)
Obra gráfica e libros ilustrados.
Colección Lufthansa.

Fundación Eugenio Granell, Pazo de Bendaña.

A miña obra é como a miña vida; non harmónica no sentido dos compositores clásicos, nin tan sequera no sentido dos revolucionarios clásicos.

...Daquela, en 1919 en Colonia, o dadaísmo era en primeiro lugar unha actitude espiritual...O dadaísmo era o estúpido dunha rebelión do gozo de vivir e de rabia, o resultado da absurdidade, da gran porcallada desta estúpida guerra. Nós, a xente xove, voltamos como aturdidos da guerra e a nosa indignación tiña que desfogarse dalgún xeito. Isto fíxose de for-

Lámina 10 con augafortes en augatinta e escritura secreta do libro *Maximiliana ou L'Exercice illegal de l'Astronomie* de **Max Ernst**, 1964

ma moi natural atacando os fundamentos da civilización que provocara esa guerra e atacando tamén o idioma, a sintaxe, a lóxica, literatura, pintura, etc... O noso celo pretendía a subversión total.


*...quería xerar unha tensión eléctrica ou erótica mediante a mutua aproximación de elementos, que ata aquí estabamos afeitos a considerar como alleos e carentes de relacións entre si. Producíanse descargas ou correntes de alta intensidade. E canto máis inesperadamente se xuntaban os elementos, tanto máis sorprendente me resultaba sempre a chispa de poesía que saltaba. **Max Ernst***

...o que vai.


Colección da Fundación Granell

Pazo de Bendaña

Obras de Eugenio Granell, Miró, Duchamp, Max Ernst, Esteban Francés, Wifredo Lam, Maruja Mallo, Mario Granell, Eduardo Abela, Cruzeiro Seixas, Mario Cesariny, Antonio Saura, etc., e arte étnico: máscaras de África, Guatemala, México, obxectos precolombinos, kachinas dos indios Hopi, xoguetes de varias culturas, etc.



Eugenio Granell. *Sen título*, 1951.



Puxando o ar
Abanicos de pintores galegos contemporáneos
Galería Noroeste

A proposta da galería, 48 pintores representan o máis salientable da plástica galega actual, utilizando o abanico como soporte pictórico.

Fundamentos de Santiago

No ano 813 descubriuse o sepulcro do Apóstolo, e Alfonso II *O Casto* mandou levantar unha igrexa sobre o mesmo. Case cen anos despois, aquela igrexa de pedra e barro transformouse noutra de soberbia fábrica. O bispo de Iria por aquel entón, Sisnando I, fixo todo o posible para que esto sucedera, e así erixíuse un grandioso monumento en honor do Apóstolo.

O 6 de Maio do ano 899 tivo lugar a consagración da basílica, e neste acto estiveron presentes o rei Alfonso III, a raíña e os seus fillos; 17 bispos, 11 condes, tódalas autoridades e grande multitude de xentes de moitos lugares. Os bispos consagraron cada un dos altares, comezando polo do Salvador, e enriquecérono con preciosas reliquias custodiadas en pequenos cofres dourados, regalo do rei, que xa no ano 874 ofrecera ó Apóstolo a cruz que posúe o relicario da igrexa compostelana.

Case un século máis tarde, no ano 997, Almanzor, o ministro de Hixen II, chegou ás portas de Santiago, destruíndo as murallas, mosteiros, igrexas e palacios, e ca idea de esnaquizar o sepulcro do Apóstolo, pero a súa xente comezou

a sucumbir por morte repentina e pola espada. Conta un dos cronistas árabes que Almanzor encontrara un ancián dos monxes sentado sobre o sepulcro, preguntoulle que facía alí, e o ancián contestoulle: *Veo á Yákov*. Entón Almanzor mandou



que non o mancaran. A versión dos escritores árabes coincide coa dos cronistas cristiáns. A verdade é que aquel terrible home ía co ánimo de destruír o sepulcro e aventar as reliquias do Héroe, que baixo o seu escudo os exércitos da Cruz alcanzaran tantos triunfos sobre os da media lúa. E así, o ceo valeuse dun monxe para librar milagrosamente da ruína á tumba gloriosa e con ela a cidade de Compostela.

Ó regresar Almanzor a Córdoba, cargado co botín, precedíanlle 4.000 presos cristiáns levando ós ombros as portas da basílica de Santiago e as campás menores, que serviron de lámparas na mesquita. Máis adiante, cando a capital do Califato foi tomada por San Fernando, outros presos musulmáns restituíronas nos ombros tamén á igrexa compostelana.

Almanzor deixara arruinada a basílica do Apóstolo, pero construíuse de novo máis vasta e suntuosa, e cóntase que cantos viñan a Santiago detíñanse nas canteiras que daban materiais á basílica, e tomando unha pedra colocábana coas súas propias mans na fábrica do templo. Polo tanto, pódese dicir que na construción da catedral traballaron operarios procedentes de tódolos pobos da terra. Terminouse coas esmolos enviadas de países remotos.

Puxo a primeira pedra o bispo de Iria Flavia D. Diego Pelaez, o día 11 de Xullo de 1078, pódese ler nunha inscrición gravada nunha das xambas da porta na fachada meridional ou de praterías. Os primeiros arquitectos foron Bernardo e Rotberto, e traballaron ás súas ordes 50 canteiros. As obras tivéronse que suspender e continuar logo lentamente, recibiron grande impulso co pontificado doutro bispo que ocupou a cátedra de Iria trasladada a Compostela, D. Dalmacio, que saíra dos claustros de Cluny.

Pero a quen debe máis a basílica é a Xelmírez. Despois do incendio que houbo na Catedral e no palacio contiguo (1117) proseguíronse as obras, e en 5 anos, segundo o códice de Aimérico, poñíase a última pedra.

Xelmírez fundou hospicios, escolas, mosteiros, abasteceu a cidade de augas potables, e en definitiva, enriqueceuna. Baixo o seu goberno floreceron as letras e as ciencias, moitos príncipes e grandes señores de Europa enviáronos ós seus fillos a estudar a Santiago.

Tiñan sona por aquel entón as procesións que se celebraban en vida de Alfonso VI (ano 1109). Este rei instituíu en

Galicia a festa da Traslación e Elección de Santiago o 30 de Decembro; nesta festividade o rei ofrecía na misa, en memoria dos 12 Apóstolos, 12 marcos de prata e outros tantos talentos de ouro; distribuía premios, gracias e donativos entre os seus cabaleiros, e regaláballes vestidos de seda; uniformaba os escudeiros co traxe militar; armaba novos cabaleiros, e presentaba abundante e variada comida a tódolos que chegasen, tanto coñecidos coma descoñecidos, sen pechar as portas da súa morada a ningún pobre, antes ben despachando pregoeiros para que ó son da trompeta, en honor de tan grande festividade, invitasen a todos á comida.

O 25 de Setembro de 1110, o pobo de Santiago puido ser testigo da coroación dun rei, Alfonso VII, foi na igrexa de Santa María do Sar, o rei contaba con 4 anos, e foi Xelmírez o que lle ceñiu a coroa e lle puxo nas mans o cetro de Castilla.

D. Diego Xelmírez aumentou ata 72, tantos coma os discípulos e os anciáns do Antigo Testamento, o número dos coengos da igrexa compostelana.* Cando Xelmírez morreu a basílica era un dos monumentos máis grandiosos do orbe católico. Sen embargo, non quedou concluída completamente, aínda a mediados do século XII continuaban os traballos, segundo o testemuño de Aimérico Picaud, por quen sabemos que as obras descritas no códice que depositou no altar do Apóstolo, unhas estaban enteiramente rematadas e noutras aínda se traballaba.

* Outra explicación para a simboloxía deste número é que 72 é tamén o número dos anciáns do Apocalipse (24) multiplicado polas persoas da Trindade (3), números que son, ó mesmo tempo, simbólicos.

As citas e información sacáronse dos seguintes libros:
Libro de la Hermandad de los Caballeros Cambeadores, citado por Zepedano na *Historia y descripción arqueológica de la Basílica Compostelana*, Lugo, 1870.
Huerta. *Anales de Galicia*, T. II, Lib. VIII, Cap. 9.
Santiago, Jerusalén, Roma. Diario de una Pergrinación. José María Fernández Sánchez y Francisco Freire Barreiro (1880).

Eva Paradela

Cómoame o Demo

A presiña de musgo

A Manolo morreulle a dona deixándolle unha cativa pequena que se chamaba Maruxiña. El buscou a présa outra muller que se fixera cargo da casa e da pequena, porque co traballo do campo non daba feito, e casou cunha de fora coa que tivo outra filla á que chamaron Mercedes. A dona traballaba nas hortas e na casa, e Manolo nas leiras bravas. As cativas axudaban na casa, pero non facían o mesmo traballo; mentres Mercedes quedaba na cociña ó carón da lareira, Maruxiña levaba as vacas, limpaba o galiñeiro e gabexaba coas pitas, as berzas, os cochos, a roupa de todos, e tiña unhas frieiras que lle rebentaban en Novembro e non daban curado ata ben entrado Maio.

Un día no prado unha vaca toleou, comezou a saltar e correr. Á pobre rapaza parecíalle que aquilo voaba coma un insecto descomunal, e morta de medo colleu unha boa aguillada e berroulle: ¡Párame quieta, heiche parti-lo lombo, filla do Demo!, co que a vaca saltou o valado e liscou monte arriba. Maruxiña botou a correr tras dela, pero a pequena era unha minchiña e non daba corrido. O que conseguiu foi perderse no monte. A tarde quería caer, e orvallaba. A cativa casi non vía onde poñer os pés. O demo do orvallo era máis e máis pechado e frío. A pobriña, esgotada, sentou nunha pedra, estrañada de non coñecer aquela parte do monte.

-Moi lonxe me levou -pensou-, miña mai márame.

-Túa mai son eu -sentíuse.



Demo

Abríronse os ollos da meniña. Xurdindo das árbores viuse unha figura que se achegou, e falaba e falaba de cousas que parecían un consolo, un alivio, pero que Maruxiña non daba entendido, e a pobriña non puido máis e atreveuse a interrumpila chorando:

-A señora faime traballar muito e miña irmá non fai nada e non lle pega e a min pégame.

-Non teñas medo. Xa cho dixen. Traballa e faite grande, e pensa que quen che pega terá o seu. Teu pai traballa nas leiras bravas e non pode facer nada senón chorar e que-

verte muito, e ben que chora, pobriño. - E seguiu falando, e a Maruxiña pareceulle que a consolaba muito, pero non entendía nada, porque, que carallo ía entender unha pequena ignorante. A figura perdeuse. Maruxiña quedou soa no monte. Xa era de noite. Orvallaba. Facía muitísimo frío. Quería ir coa súa mamá, mais coma nunca tivera unha, nin siquera o sabía. Alí estaba soíña no monte.

Medraron as irmás. Maruxiña convertíuse en doña Maruja, e tiña os brazos coma os dun boi. Casaron as dúas. Mercedes cun mariñeiro que morreu de contado, e Maruja cun bo home co que tivo nove fillos. Ámbalas dúas casaron lonxe, os pais non as viron en muito tempo. Un día foron a visitalas e pasaron primeiro pola casa de Maruja. Recibiunos cunha festa e cun lacón con grelos deses de caer de cu, os seus nove fillos grandes coma torres e o seu marido, o paisano máis simpático do mundo.




Ó día seguinte foron visitar a Mercedes, pero ninguén a coñecía polo seu nome. Preguntando e preguntando, ó final alguén deuse de conta -¡Ah, a Presiña do musgo!, e indicoulles a casa. Quedaron moi estrañados. Cando chegaron á casa petaron na porta e ninguén abriu. Entón viron que non estaba pechada, e que detrás dela había unha pila de musgo seco do que se bota no lume para avivalo, e dous pasos aló estaba Mercedes acuruxadiña ó carón da lareira. Cando os viu, mixiricou: *Botádeme unha presiña de musgo.* O vello quedou mirándoa, mirou para a súa muller, colleuna polo pelo e tirouna fora, e deulle unha malleira por burra. A vella non entendía nada, porque que carallo ía entender aquela merda de vella. As veces hai xustiza no mundo. (As veces non.)

Xan B. Quintela

A miñooca elétrica

(Maricarmen, a raíña do tempo)



As noivas

Nun pub pouco iluminado toman un grolo Santo Narciso e Maricarmen, mirando para o paisaxe; todo son parellas requeñándose.

-*Facía anos- dixo o Santo- que eu non vía estas cousas. Quero dicir que antes a xente tiña máis problemas para atopar onde ir botar un polvo, pero nunha cidade coma Santiago, se non tes onde, sempre tes un amigo ou algo. Pero neste sitio ves á xente levar uns requeñóns que os pobriños non van dar chegado ata casa da dor de pelotas que lles vai quedar.*

-*¿E isas dúas rapazas?- dixo Maricarmen.*

-*Isa é unha historia moi interesante. A rubia grandona é Cristina. Tiña unha amiga de pequena que se chamaba Raquel. Eran veciñas e sempre ían xuntas, collidiñas da man, dábanse bicos todo o tempo, eran unha parelliña moi graciosa. No barrio chamábanas as noivas. Cando medraron, Cristina fíxose unha moza grandona, un pouco bruta, e Raquel unha beleza pequeniña, moi ben feita, moreniña, e as dúas eran moi saladas. Xa no instituto parecían escapar dos mozos. Eran altivas e mordaces cos pobriños adolescentes incautos que se atreveran*


a achegarse a elas. Somentes houbo un mozo machote dabondo para estar á altura do seu enxeño, Rubén, e fixeron un bó trío durante un tempo, mais ó final sucedeu o que tiña que suceder entre adolescentes. Rubén amosaba un interés compulsivo e crecente por Raqueliña, e comezaron a verse as escondidas de Cristina. -E que senón se cela- dicía sempre Raqueliña. E de novo sucedeu o que tiña que suceder. Cristina enterouse e, como non, celouse.

-*¿E por que fixeron isa parvada? Tíñase que celar- dixo Maricarmen - ademais, ¿que ten esta historia para ser tan interesante?.*

-*Pois iso- respondeu Santo Narciso- fixérono porque era verdade que ía celarse, porque a Cristina, coma din os adolescentes, gustáballe Raqueliña.*

-*¡Ah carallo!*

-*¡Non digas palabrotas, Maricarmen, polo amor de Deus, que logo quéixanse os de Oíches!, téñocho dito. O caso é que a Cristina doeulle muito aquilo. O seu mundo era Raqueliña, e de súpeto estoupou. Cristina perdeu a súa gracia. Quedoulle o cerebro coma reseso. Fíxose unha moza solitaria, os seus ollos apagáronse, quedaron sen luz coma os ollos dun animal dise-*



cado. Entón coñeceu estoutra Raquel.

-*¿Chámase igual?*

-*Xusto, Maricarmen, xusto. O resto podes adiviñalo mirando para elas. Raquel é pequena, morena, monísima e saladísimas, e os ollos de Cristina teñen a luz doutros tempos.*

-*Entón, xa está.*

-*Xa está, ostias.*

-*Non diga vostede palabrotas, Santo Narciso, mire que llo teño dito...*

-*É verdade, Maricarmen. Muita miradiña e muita carallada, pero nada máis, e teñen as dúas unha tristura dentro que van morrer.*

Calquera podía ver como se miraban. O que ninguén viu foi un lóstrego vermello, a raíña do tempo, que baixo da mesa afundía as mans da unha no talle da outra, e logo nas ingles. Comezou a empuxar docemente as espaldas para facer que se buscaran as súas bocas, e cada unha pensou que fora a outra quen comezara. De pronto quedaron as dúas mirándose con cara de susto, longamente, sen saber que pensar.


-*Que bruta eres, Maricarmen.*

-*Non poden, Santo Narciso.*

-*E que lles vas facer. Hai xente que nunca saberá quen é.*

Ana Ibañez

Tiruliru miña gaita



1ª O cura do Sar foi ó rodaballo petou nunha pedra rom peu o carallo rom
2ª mexi lón rom peu uncollón rom
3ª mara bú tomou polo cu to

1ª peu o carallo rom peu o carallo O cura do Sar foi ó rodaballo
2ª peu uncollón rom peu uncollón mexi lón
3ª mou polo cu tomou polo cu mara bú

O profesor Nembargantes falaba sempre do meu amigo Manuel, pero nunca entendín ben a quen se refería, entrambilicado como era o profesor cando falaba. Moito tempo pasei coa dúbida máis, derradeiramente, ¿quen podería ser este amigo Manuel senón Manuel Amigo, o de Tecnoagrícola?. Ó longo de xeracións, Manuel e os de Tecnoagrícola foron depositarios de abundante material do profesor, custodiarono coma un tesouro e grazas a eles podémolo coñecer nós agora.

A gran orixinalidade desta peza reside na exquisita mestura do romance narrativo (a coñecida e documentadísima historia do cura do Sar) cunha relixiosidade de moi subidos quilates que explica a narración mediante a vía ascética máis depurada.

Onde seguen os comentarios verso a verso, comezando polo que di:

Se vas a ponteceso non leve-la muller que hai moito pillabán e pódencha foder.

Que quere dicir *Sic transit*

gloria mundi (Non somos nada, compañeiros.) Cando un xeneral romano volvía victorioso da guerra facía un gran desfile, levantábaselle un arco conmemorativo e baixo del pasaban os inimigos presos, as tropas e derradeiramente o xeneral montado no seu carro de combate cunha coroa de loureiro sobre a súa cabeza. Un escravo termaba da coroa ó tempo que dicía: *Sic transit gloria mundi* (Non somos nada, meu rei). E se levas a muller a Ponteceso, as glorias do mundo pódense pasar de vez, compañeiro. É unha sabia advertencia previa á viaxe espiritual que imos emprender.

O cura do Sar, coñecendo as *Floriñas de San Francisco* (Ver *Actus beati Francisci et Sociorum ejus*, parte 1ª, capítulo VII), pregutábase cal sería a perfecta ledicia,

foi ó rodaballo, peixe exquisito entre os exquisitos, pero non a atopou,

petou nunha pedra, antigo fundamento da doutrina. *Tu es Petrus*: ti es a pedra sobre a que se constrúe todo,

rompeu o carallo,

pero non era a perfecta ledicia, inda que lle privara do *pracer solitario*, no que era un experto, e das especialidades de Benicia, virtuosística o seu xeito de tirarse viño polas tetas.

Se vas a Ponteceso...

O cura do Sar foi ó mexilón,

Refírese evidentemente ó mexilón de Benicia, que co viño que lle caía das tetas tiña unha fragancia irrepitible, e era máis saboroso que calquera rodaballo, mais non era alí onde se agochaba a perfecta ledicia.

petou nunha pedra, rompeu un collón.

É doloroso, certamente, mais, inda que foran os dous, caducando así o carné de pai, non sería a perfecta ledicia.

Se vas a Ponteceso...

O cura do Sar foi ó marabú,

Cando o cura do Sar foi ó mexilón de Benicia, de fragancia inexplicable, a buscar a perfecta ledicia, non quedou nunha simple inspección ocular nin superficial. Meteu un dedo, e non atopou nada, meteu dous, meteu a man, meteu o brazo, logo a cabeza, entrou dentro de todo, e alí estaba Ramiro Fodón no seu emprego de fogueteiro intrauterino fffssspumba, fffssspumba, pumba, tirando foguetes, comendo empanada de mexilón e bebendo viño de teta.

-Hola, buenas, yo soy el cura del Sar y vengo en busca de la perfecta alegría.



O cura do Sar tomando polo cu nos espaciais siderais, agarimando a perfecta ledicia


-Eu son Ramiro Fodón e téñoche a solución. Séntate no marabú, agarda un momentíño y ya verás tú que bonitiño.

Petou nunha pedra tomou polo cu, fffssspumba

e se mirades ben o ceo nas noites de lúa nova, poderedes ver ó cura do Sar tomando polo cu nos espaciais siderais, agarimando a perfecta ledicia.

Dorothea Vlleleich

ULTRAMARINOS



Casas Reais, 34-36 - Teléfono 58 36 39 - SANTIAGO